



DECRETO

Expediente: 1520/2024 relacionado co da subvención 249/2024

Asunto: Avocación de competencias para aprobación do expediente de contratación das obras “RENOVACIÓN NA CALDERERÍA DO DEPÓSITO DE ABASTECIMIENTO DE AUGA POTABLE DE A VILA”.

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA-PRESIDENCIA

D. JOSÉ LUIS OUJO POUSO, Alcalde-Presidente do Concello de Porto do Son, en uso das facultades que lle confire o artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de Abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL), o artigo 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALG), e a Disposición Adicional 2ª da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos sector público (LCSP), dita a seguinte resolución:

Mediante providencia de Alcaldía, de data 19/07/2024, ordeouse a incoación do correspondente expediente administrativo de contratación por procedemento aberto da obra “Renovación na calderería do depósito de abastecemento de auga potable de A Vila do concello de Porto do Son” con base na xustificación recollida no informe xustificativo.

Vista a documentación que integra o expediente:

1. Proxecto de 28.02.2024, redactado polo Enxeñeiro Colexiado número 23.446, Vicente Lourido Vázquez xunto coa seguinte documentación:
 - Acta de replanteo previo emitido polo redactor do proxecto, do 16.07.2024, polo que se constata a conformidade e viabilidade do proxecto.
 - Informe técnico emitido polo redactor do proxecto, do 16.07.2024, no que sinala que, non pode dividirse en lotes e de acta de replanteo previo da mesma data
 - Informe técnico emitido polo redactor do proxecto, do 18.07.2024, no que sinala que, se trata dun contrato de obra e non de subministro
 - Informe técnico emitido polo redactor do proxecto, do 18.07.2024, no que sinala que o prazo máximo de redución de prazo na execución dos traballos que se podería puntuar coma criterio de adxudicación
 - Informe técnico emitido polo redactor do proxecto, do 16.07.2024 no que se propón a clasificación substitutiva da solvencia técnica
 - Informe técnico emitido polo redactor do proxecto, do 16.07.2024 na que se indican os medios persoais mínimos exixibles
2. Informe técnico emitido polo redactor do proxecto, do 16.07.2024 no que se especifican as características técnicas das dúas válvulas de control de auga a instalar na obra e que se adxuntan ao proxecto de data 28.02.2024 e que servirán de pregos de prescricións técnicas.
3. Memoria xustificativa da contratación de 16.07.2024, asinada pola Alcaldía, no cumprimento do artigo 28 da LCSP e xustificando a urxencia do procedemento
4. Providencia da Alcaldía de 19.07.2024 ordenando o inicio do expediente de contratación e de 30.07.2024 ordeando a incorporación do informe da arquitecta municipal, a certificación catastral da parcela e determinando a puntuación dos criterios de adxudicación avaliábeis mediante fórmulas.
5. Consta Pregos de cláusulas administrativas particulares que rexeran o contrato asinados pola Alcaldía con data de 30.07.2024
6. Informe da Secretaria municipal de 30.07.2024
7. Informe da Interventora municipal de 30.07.2024





Ao abeiro do disposto no artigo 117 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, en relación coa DA II da mesma lei, e de conformidade coa resolución de alcaldía núm. 806/2023, de 2 de xullo (BOP nº 142, de 27 de xullo de 2023), pola que se delega na Xunta de Goberno Local a competencia para *“13. As competencias da Alcaldía como órgano de contratación para as contratacións de obras, subministracións, servizos, contratos de concesión de obras, contratos de concesión de servizos e os contratos administrativos especiais, cando o seu valor estimado non supere o 10% dos recursos ordinarios do orzamento nin, en calquera caso, a contía dos seis millóns de euros, incluídos os de carácter plurianual cando a súa duración non sexa superior a catro anos, sempre que o importe acumulado de todas as súas anualidades non supere nin a porcentaxe indicada, referido aos recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio, nin a contía sinalada (...)”*, no presente contrato atopámonos no citado suposto.

Conforme ao artigo 10.1 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público que establece que *“1. Los órganos superiores podrán avocar para sí el conocimiento de uno o varios asuntos cuya resolución corresponda ordinariamente o por delegación a sus órganos administrativos dependientes, cuando circunstancias de índole técnica, económica, social, jurídica o territorial lo hagan conveniente”*, no caso concreto xustifícase a avocación da competencia da Xunta de Goberno Local en atención aos prazos de execución do citado contrato (3 meses conforme ao proxecto) e aos prazos de xustificación da subvención que tal e como se establece na Resolución do 29 de decembro de 2023 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a execución de obras co fin de minimizar as perdas de auga en entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia, e se convocan para o ano 2024 mediante tramitación anticipada de gasto (código de procedemento AU301E) finalizará o 12/11/2024.

Visto canto antecede, **RESOLVO:**

Primeiro.- Avocar en aplicación do previsto no artigo 10.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, a competencia para adoptar o presente acordo por razón da urxencia en atención ao prazo de execución do presente contrato suxeito a subvención (Exp 249/2024).

Segundo.- Aprobar o proxecto técnico denominado “Renovación na calderería do depósito de abastecemento de auga potable de A Vila do concello de Porto do Son” redactado polo enxeñeiro ICCP Vicente Lourido Vazquez con número de colexiado 23.446 asinado en data de 28/02/2024 ao que se adxuntan as especificacións técnicas da válvula asinadas con data 16/07/2024 (especificacións que se deberán cumprir para recibir de conformidade o contrato).

Terceiro.- Aprobar o expediente de contratación xunto cos Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas que obran no expediente 1520/2024, mediante procedemento aberto con criterios de adxudicación de apreciación automática e **tramitación urxente** do contrato de obra denominado “Renovación na calderería do depósito de abastecemento de auga potable de A Vila do concello de Porto do Son”.

Cuarto.- Autorizar o gasto, por importe de 69.294,79€ IVE incluído (Valor estimado 57.268,42 € máis 12.026,37€ de IVE) con cargo a aplicación orzamentaria 161.63300 (Proxecto de gasto 2024-2-I-22) do orzamento municipal vixente.

Quinto.- Publicar o anuncio de licitación na plataforma de licitación do sector público e no perfil do contratante con toda a documentación integrante do expediente de contratación, en particular os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas.





Sexto.- Dar conta da presente resolución á Xunta de Goberno Local na seguinte sesión que se celebre.

Asinado en Porto do Son por medios electrónicos polo alcalde, José Luis Oujo Pouso, do que eu, Mónica Pichel García, como secretaria, e para os únicos efectos de fe pública, dou fe (RD 128/2018, do 16 de marzo).

